



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DUNHA CAFETERIA NO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS DURANTE A CELEBRACIÓN DA XXXV MOSTRA DE ENCAIXE.

PRIMEIRA.- OBXECTO E NATUREZA.

O obxecto do presente prego é o outorgamento dunha autorización para a instalación dunha cafetería no pavillón municipal de Camariñas, durante os días de celebración da XXXV Mostra de Encaixe.

As características da cafetería son as seguintes: unha superficie de 6 metros de ancho x 9 m de longo, en forma de semi-elipse, con decoración e mobiliario adecuado ao resto dos espazos. Constará de mobiliario, 1 cadro eléctrico con 4 enchufes, mesas e cadeiras. O Concello porá a disposición do adxudicatario as anteriores instalacións así como a electricidade e a auga, sendo os demais elementos precisos para desenvolver a actividade de conta do adxudicatario.

Esta utilización ten a natureza xurídica de uso común especial normal de bens de dominio público, conforme establece o art. 75.1 b) do regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño e de conformidade co previsto nos arts. 84 en seguintes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (aplicable nos termos establecidos na súa disposición final segunda). Polo que dito uso especial está suxeito a licenza/autorización municipal, que debe concederse previa licitación, cando como no presente caso, se limite o número das mesmas.

O espazo é de titularidade exclusivamente municipal, quedando prohibidas as cesións ou subcontratacións a calquera outra persoa xa sexa de forma gratuíta ou onerosa.

A autorización refírese exclusivamente ao período de celebración da XXXV Mostra de Encaixe, non téndose adquirido dereito sobre o dominio público para futuras Mostras.

SEGUNDA.- MODALIDADE E CANON.

1. A autorización outorgarase despois da licitación, que será convocada polo órgano competente do Concello, mediante poxa.

2.- A prestación económica que o titular da autorización para a ocupación do dominio público está obrigado a satisfacer, constitúe unha contraprestación económica que ten por obxecto compensar ao Concello polo aproveitamento especial do dominio público por parte do beneficiario da autorización, así como pola prestación dos servizos municipais inherentes a este tipo de utilización.

O canon/prezo de saída que se fixa é de **370,00 € (tres centos setenta euros)**. Este prezo ou canon de ocupación terá o carácter de prezo de saída e o importe final virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a adxudicación. Non se estimaran aquelas ofertas que sexan



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

inferiores ao tipo de licitación.

Conforme dispoñen os art. 20.1 a) e art. 24.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei regulador das facendas locais, as prestacións económicas que satisfagan os particulares polo aproveitamento especial de dominio público local terán a consideración de taxas. Cando se utilicen procedementos de licitación pública, como o presente caso, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a autorización.

TERCEIRA.- DURACIÓN DA OCUPACIÓN.

1.- A montaxe da cafetería deberá estar rematado o martes, 31 de marzo 2026 ás 20:00 horas, o desmante da instalación realizarase o luns día 6 de abril de 2026.

A actividade deberá comezar o día 1 de abril de 2026, ás 15:00 horas e manterse en funcionamento ata o día 5 de abril de 2026. O horario de apertura da cafeterías será o que figura a continuación:

Mércores (1 de abril): desde as 15:00 horas ata as 21:00 horas.

O resto dos días (2,3,4 e 5 de abril): desde as 11:00 horas ata as 21:00 horas.

2.- A duración de dita ocupación terá carácter improrrogable, sen prexuízo de que, por circunstancias sobrevidas de interese público, a Corporación poda deixar sen efecto as autorizacións antes do seu vencemento.

O autorizado terá o deber de abandonar e deixar libres e baleiros a disposición do Concello ao final do prazo, os bens obxecto de utilización. No caso contrario o Concello ten a potestade de acordar e executar, de por si, o lanzamento.

En todo caso respectaranse as instrucións impartidas polo Concello que poderá por razóns de seguridade ou interese público introducir variacións ou límites no desenvolvemento da actividade por parte do adxudicatario.

CUARTA.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

O titular da autorización terá as seguintes obrigas, sen prexuízo doutras que se recollan no presente prego:

1.- O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do presente prego e das disposicións que lle afecten en materia de lexislación social, policía sanitaria, policía de Espectáculos e calquera outra normativa que resulte aplicable.

2.- Proceder á apertura da cafetería na datas e durante as horas sinaladas no presente prego.

3.- A prestar o servizo de cafetería coa calidade e regularidade que se establece no presente prego. A estes efectos deberá de ter a disposición do público en todo momento cando menos café, refrescos,



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

bebidas en xeral, bocadillos, tapas e snacks.

4.- Deberá manter limpa e en bo estado de conservación durante a utilización a zonas outorgada e espazos libre do seu contorno, debendo de abonar noutro caso o importe dos danos e prexuízos que causara.

5.- O espazo outorgado deberá destinarse única e exclusivamente para a actividade autorizada e será utilizado pola persoa titular da autorización. Así, queda prohibido dividir o espazo ou ceder o dereito de uso con ou sen prezo. Polo que en ningún caso poderá o adxudicatario transmitir a outra persoa a autorización outorgada, nin variar a actividade autorizada.

6.- Ao finalizar o período autorizado, deberá deixar libre e a disposición do Concello os bens obxecto da utilización, podendo o Concello, en caso contrario, acordar e executar, de por si, o lanzamento.

7.- Facilitar en todo momento o libre acceso ás instalacións ao Concello, quen poderá inspeccionar a mesma a través dos seus funcionarios. O autorizado, a tal efecto, prestará os auxilios necesarios, acatará as ordes da autoridade e os seus axentes e terán a súa disposición o documento acreditativo da adxudicación.

8.- Aboar o canón no prazo establecido.

9.- Garantir aos particulares o dereito ás adquisicións mediante o abono das contraprestacións que correspondan, respectando o principio de non discriminación.

10.- Responder fronte a terceiros dos danos que podan irrogarse, polo funcionamento da actividade, salvo os que procedan de acto derivados de ordes impostas polo Concello de Camariñas.

11.- Deberá ter expostos á vista do público, os prezos que rexan no seu negocio. Estes prezos non poderán sufrir alteración algunha durante os días de duración das Mostra, sen previa autorización do Concello.

QUINTA.- CONDICIONAMENTO DA AUTORIZACIÓN.

A autorización que se outorgue queda condicionada ao cumprimento de todas e cada unha das cláusulas do presente prego, quedando sen efecto se se incumprise calquera delas.

Así mesmo, quedarán condicionadas ao abono da taxa e a presentación de canta documentación se esixa no acordo de adxudicación.

O outorgamento da autorización se realiza e se entenderá feito sempre salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e con total sometemento as condicións deste prego.

A autorización o é só e exclusivamente para as instalacións concretas que se indiquen e non poderá ocupar en forma algunha máis superficie da indicada.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

SEXTA.- FACULTADE DE REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN.

O Concello poderá revogar a autorización unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando aquela resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos ao dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

SÉTIMA. - INSPECCIÓN E RETIRADA DA AUTORIZACIÓN.

Os servizos municipais poderán realizar inspeccións periódicas ao obxecto de comprobar o cumprimento das condicións da autorización outorgada e a limpeza e hixiene das instalacións.

O Concello deixará sen efecto a licenza outorgada en caso de incumprimento das condicións da autorización ou da normativa aplicable.

OITAVA.- PRODUTOS CUXA VENTA SE AUTORIZA E REQUISITOS A CUMPRIR POLA CAFETERÍA.

Nesta cafetería unicamente queda autorizada a venta dos seguintes produtos: cafés, refrescos e bebidas en xeral, así como tapas frías e quentes, bocadillos e snacks.

Deberán de cumprirse as disposicións de Sanidade vixentes e, en particular, as seguintes:

- 1.- Toda actividade de tipo alimentario esixe para o seu exercicio, inescusablemente, estar en posesión do carné de manipulador de alimentos.
- 2.- Disporá de capacidade frigorífica suficiente para manter a temperaturas inferiores a 8°C a totalidade dos alimentos perecedoiros do consumo diario que serán así almacenados.
- 4.- A exposición de alimentos ó público sobre a barra ou mostrador, farase coa protección adecuada que podería ser unha simple vitrina para os de consumo inmediato, debendo ser unha vitrina frigorífica para os produtos perecedoiros de exposición estable ou prolongada.
- 5.- Os produtos de confeitaría, caramelos e outros que se presente sen envolver, non poderán estar ó alcance do público e disporán da protección ambiental adecuada.
- 6.- A vixilancia, especialmente o aseo e limpeza do persoal e o seu vestiario, así como a pulcritude e hixiene do posto de venta.

NOVENA.- PROHIBICIÓNS.

Queda prohibida a realización dunha actividade distinta da autorizada e a venta de calquera produto non autorizado polo presente prego.

O incumprimento da presente cláusula ou da cláusula anterior obrigará ao adxudicatario a compensar



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

os danos e perdas ocasionados, de acordo coa valoración que efectúen os servizos municipais, e poderá ser penalizado coa perda de todos os dereitos de adxudicación, obrigando a levantar inmediatamente a instalación.

DÉCIMA.- INFRACCIÓN.

1.- Serán consideradas como *incumprimentos leves*:

1. Non cumprir as ordes da organización.
2. Trato desconsiderado ao público e usuarios.
3. Inobservancia da debida limpeza e decoro do posto.

2.- Serán considerados como *incumprimentos graves*:

1. Non observar as medidas de prudencia necesarias para salvagardar a seguridade, hixiene ou sanidade da cafetería.
2. Non cumprir as ordes da organización cando se comprometa a seguridade, hixiene ou salubridade da cafetería.
3. Ocupar máis espazo do adxudicado ou darlle un destino distinto.
4. cobro de prezos abusivos.
5. Montaxe anticipado sen permiso municipal.
6. Permanencia no uso máis alá do límite permitido.
7. A comisión de dúas faltas leves durante un mesmo día.

3.- Os incumprimentos leves sancionaranse con unha multa de ata 300 €. Os incumprimentos graves sancionaranse cunha multa de ata 600 €.

4.- As sancións anteriores entenderanse, sen prexuízo de esixirle ó adxudicatario a compensación de danos e perdas causados, tanto aos bens do Concello como ás persoas ou aos bens dos usuarios e deixar sen efecto, se procedese, a autorización outorgada.

5.- Os incumprimentos leves sancionaraos o Alcalde ou o concelleiro en quen delegue, despois de comprobar e constatar os feitos denunciados.

Os incumprimentos graves sancionaranse na mesma forma, pero concederáselle un día ó adxudicatario, como trámite de audiencia, para que poda alegar canto lle interese.

6.- As sancións e a compensación dos danos farase efectiva sobre a fianza e, no caso de insuficiencia de esta, atenderase ao que se dispón a cláusula seguinte.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

7.- O adxudicatario reconece especialmente a natureza obrigacional destas penalidades e polo tanto a non aplicación ás mesmas do principio de reserva de lei, nin do procedemento sancionador regulado polo Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto.

UNDECIMA.- EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN.

Causas de extinción da autorización outorgadas:

a) De mutuo cando non lle cause prexuízo ao propio Concello. Neste caso o adxudicatario considérase renunciante e perderá a fianza.

b) Por resolución:

- Falta de constitución da fianza definitiva no prazo e na contía establecida.
- Falta de pago da taxa no prazo establecido.
- Non abonar os danos causados nin as sancións impostas, para os casos nos que a fianza non cubra o seu importe.
- Si se comproba a existencia dunha causa sobrevida ou oculta que aconselle o peche do posto por comprometer a seguridade, hixiene ou sanidade dos usuarios, cando se deba a negligencia culpable ou a dolo do adxudicatario.
- Negación reiterada do adxudicatario a cumprir as ordes da organización cando comprometa a seguridade, hixiene ou sanidade dos usuarios.
- Incumprimento grave das obrigacións do adxudicatario.

2.- A extinción da autorización será acordada pola Concelleira delegada do Encaixe, despois do informe da organización do feiral, sen prexuízo do trámite de audiencia ao adxudicatario, por espazo dun día.

3.- A extinción culpable da autorización dará lugar á incautación da fianza e a orde de desaloxo da cafetería, todo isto sen prexuízo de esixirlle ao adxudicatario, ante as instancias xudiciais competentes, as responsabilidades a que houbese lugar.

CONDICIÓN RELATIVAS Á LICITACIÓN

DUODÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA A PRESENTAR POLOS INTERESADOS

Os interesados en participar na licitación deberán presentar a documentación que figura a continuación no rexistro xeral do Concello de Camariñas.

Dita documentación presentárase no prazo de *cinco días naturais contados a partir do seguinte á*



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

publicación do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, tamén se anunciará esta licitación a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose a data de publicación no taboleiro de anuncios).

O horario de presentación será de 9:00 a 14:00 horas (de luns a venres) no Rexistro Xeral do Concello de Camariñas, sito na Casa do Concello, praza de Insuela, nº 57- Camariñas.

Non se admitirá documentación/sobres presentada/os por medios electrónicos ou nun rexistro distinto ao antes sinalado.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar a remisión da oferta mediante télex, fax (981 736319) ou telegrama no mesmo día, consignándose o nome do expediente, isto é “Licitación para autorización da instalación dunha cafetería no pavillón municipal de Camariñas durante a celebración da XXXV Mostra do Encaixe” e nome de licitador. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se teña recibido a documentación, esta non será admitida.

As proposicións constarán de dous sobres pechados denominados A e B.

12º.1 SOBRE A. “DOCUMENTOS XERAIS PARA TOMAR PARTE NA LICITACIÓN PARA AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DUNHA CAFETERÍA NO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS DURANTE A CELEBRACIÓN DA XXXV MOSTRA DO ENCAIXE.

No exterior figurara “Sobre A. Documentos xerais para tomar parte na licitación para autorización da instalación dunha cafetería no pavillón municipal de Camariñas durante a celebración da XXXV Mostra do Encaixe”. Así mesmo no exterior do sobre figurará nome ou denominación social, domicilio, teléfono e Fax do licitador.

O CONTIDO DO SOBRE A, “DOCUMENTACIÓN XERAL”.

O contido do sobre A, “documentación xeral será o seguinte:

A) DOCUMENTO ACREDITATIVO DA CAPACIDADE DAS EMPRESAS.

A.1.- EMPRESARIO INDIVIDUAL:

Fotocopia do DNI e NIF, ou documento que o substitúa.

A.2.- PERSOAS XURÍDICAS.

- Escritura de constitución e modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación Mercantil que lle sexa aplicable.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Se non o fora: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF).

A.3.- EMPRESARIOS NO ESPAÑOLES QUE SEXAN NACIONAIS DOS ESTADO MEMBROS DA UE O DE ESTADOS SIGNATARIOS DO ACORDO SOBRE O ESPAZO ECONÓMICO EUROPEO.

A capacidade de obrar acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4.- DEMAIS EMPRESARIOS EXTRANXEIROS.

A capacidade de obrar acreditarase informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente, ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

A.5.- DISPOSICIÓN COMÚN A EMPRESAS EXTRANXEIRAS (COMUNITARIAS OU NON COMUNITARIAS):

DECLARACIÓN DE SOMETIMENTO Á XURISDICIÓN DE TRIBUNAIS E XULGADOS ESPAÑOIS.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitador.

B) PODER E BASTANTEO.

PODER.

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica deberá acompañarse Poder Notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome actuará ante a Administración Contratante.

O poder deberá estar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo regulamento do rexistro mercantil.

BASTANTEO.

Os poderes a que se refire o apartado anterior deberán bastantearse previamente pola Secretaría da



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Corporación, ou funcionario habilitado.

DNI DE APODERADOS.

Acompañarase fotocopia compulsada do DNI do apoderado ou apoderados.

C) PROHIBICIÓNS PARA CONTRATAR OU INCOMPATIBILIDADES.

Declaración responsable de que a persoa física/xurídica interesada non está incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade establecidas pola lexislación vixente axustado ao seguinte modelo:

D./D^a _____, con DNI/NIF (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) Núm. _____, e domicilio a efectos de notificación no municipio de _____, rúa _____, núm. _____, provincia _____, actuando en nome propio (ou en representación de _____, DNI ou NIF Núm. _____), aos efectos de participación no procedemento de outorgamento de autorización de instalación dunha cafetería no pavillón municipal de Camariñas durante a celebración da **XXXV MOSTRA DO ENCAIXE**,
declara responsablemente:

1º Que nin a empresa nin ningún dos seus administradores ou órganos de dirección están incursos en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade establecidas pola lexislación vixente.

2º Que o empresario se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

D) ACREDITACIÓN ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

Certificación acreditativa e estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), expedido polo organismo público correspondente.

Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa seguridade social), expedido polo organismo público correspondente.

Último recibo do Imposto de actividades económicas ou, no caso de non contar aínda con recibo, o documento de alta en dito impostos. No caso de encontrarse nalgún dos supostos de exención de dito imposto, recollidos no apartado 1 do art. 82 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aportarase unha declaración responsable especificando o suposto legal de exención e o documento de declaración no censo de obrigados tributarios.

A presentación dos documentos aos que se refire o presente apartado terá carácter voluntario, sendo obrigatoria a súa presentación unicamente para aqueles licitadores que vaian a resultar adxudicatarios.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A presentación destes documentos deberá realizarse no prazo máximo de cinco días naturais desde o momento en que se comunique a proposta de adxudicación co correspondente requirimento municipal.

E) CARNÉ DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS.

Toda actividade de tipo alimentario esixe para o seu exercicio, inescusablemente, estar en posesión do carné de manipulador de alimentos, polo que deberá presentarse o devandito carné expedido a nome do licitador ou da persoa que vaia exercer/desempeñar dita actividade, incluíndo aos traballadores.

F) ÍNDICE DE DOCUMENTOS QUE INTEGRAN O SOBRE.

Constará, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

G) ORIXINAIS OU COPIAS.

Os documentos a incluír no presente sobre haberán de ser orixinais. Non obstante, admitíranse fotocopias dilixenciadas pola secretaría do Concello, nas que se faga constar que foron compulsadas dos seu orixinais.

12°.2 SOBRE B. “OFERTA ECONÓMICA PARA TOMAR PARTE NA LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DUNHA CAFETERIA NO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS DURANTE A CELEBRACIÓN DA XXXV MOSTRA DE ENCAIXE.

Sobre B, no exterior figurara “Sobre B. Oferta económica para tomar parte na licitación para autorización da instalación dunha cafetería no pavillón municipal de Camariñas durante a celebración da XXXV Mostra do Encaixe”.

Así mesmo no exterior do sobre figurará nome ou denominación social, domicilio, teléfono e Fax do licitador.

CONTIDO DO SOBRE B “OFERTA ECONÓMICA”

O sobre “B” conterá a proposición económica formulada estritamente conforme ao modelo que figura a continuación.

D./D^a _____, con DNI/NIF (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) Núm. _____, e domicilio a efectos de notificación no municipio de _____, rúa _____, núm. _____, provincia _____, Teléfono, _____, dirección electrónica habilitada _____, actuando en nome propio (ou en representación de _____, DNI ou NIF Núm. _____, e con domicilio no municipio de _____, rúa _____, núm. _____, provincia, _____, teléfono _____, dirección electrónica habilitada _____), **fai constar:**



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

- a) Que solicita tomar parte na licitación convocada polo Excmo. Concello de Camariñas para a autorización da “INSTALACIÓN DUNHA CAFETARÍA NO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS DURANTE A CELEBRACIÓN DA XXXV MOSTRA DE ENCAIXE”.
- b) Que opta á adxudicación da autorización municipal ofrecendo o prezo de €
- c) Que acepta incondicionalmente cantas obrigacións se deriven das presentes pregos, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

En _____, a ____ de _____ de 2026

DÉCIMO TERCEIRA.- PAGO DAS TAXAS.

O prezo de adxudicación/taxa correspondente ingresarase na conta bancaria que se sinala polo Concello no acordo de adxudicación debendo indicarse ao efectuar o ingreso o nome, NIF ou CIF do adxudicatario, dito ingreso deberá realizarse *no prazo que se determine na notificación da adxudicación, prazo que en ningún caso será superior a dez días naturais.*

DÉCIMO CUARTA.- GARANTÍA DEFINITIVA.

O adxudicatario deberá constituír fianza ou garantía definitiva por importe do 5% do prezo da adxudicación, dita fianza permanecerá ata que finalice a ocupación da instalación municipal, co fin de responder dos posibles danos ou deterioro que poidan orixinarse. Para a devolución da citada fianza será necesario o informe favorable dos servizos municipais.

Dita fianza deberá constituírse no prazo que se determine na notificación da adxudicación, prazo que en ningún caso será superior a dez días naturais.

A fianza deberá de constituírse en efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento da LCSP.

DÉCIMO QUINTA: CRITERIO DE ADXUDICACION E CRITERIO DE DESEMPATE.

Oferta económica (ata un máximo de 50 puntos)

Obterán a máxima puntuación neste apartado (50 puntos) o licitador que oferte o prezo máis alto. Obterán 0 puntos aqueles licitadores que non melloren o prezo da licitación e o resto das ofertas valoraranse de forma proporcional.

No caso de que se produza un empate este se resolvera por sorteo.

DÉCIMO SEXTA.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN CUALIFICACIÓN DE DOCUMENTACIÓN SOBRE A “DOCUMENTACIÓN XERAL”.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de proposicións, constituirase a Comisión de Valoración,



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

en sesión non pública, ao obxecto de cualificar a documentación relativa aos licitadores, para o que se procederá a abrir única e exclusivamente o SOBRE A “DOCUMENTACIÓN XERAL”, deixando sen abrir os sobres B “OFERTA ECONÓMICA”. Dita sesión da comisión de valoración realizarase no prazo máximo de cinco días hábiles seguintes á finalización do prazo de presentación de proposicións.

Se esta comisión observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicárase aos licitadores afectados para que os subsanen, para o que se lles ofrecerá un prazo non superior a tres días hábiles.

APERTURA E VALORACIÓN DE OFERTAS SOBRE B “OFERTA ECONÓMICA”.

A estes efectos a comisión procederá en acto público á apertura das ofertas económicas. Dita reunión realizarase no lugar día e hora que se estableza no taboleiro de anuncios do Concello.

A valoración das ofertas económicas, realizarase pola comisión de valoración, en sesión non pública seguindo os criterios previstos na cláusula décimo quinta do presente prego.

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

Unha vez realizada a valoración a comisión formulará proposta de adxudicación á Alcaldía.

ADXUDICACIÓN.

A Alcaldía requirirá ao licitador que presentase a mellor oferta económica para que, dentro do prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e documentación relativa ao IAE.

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN.

A Comisión de valoración terá a seguinte composición:

Presidente:

D. Encarnación Liñeiro Pouso, Concelleira.

Suplente de presidente:

Dña. Sandra Insua Rial, Alcaldesa.

Vogais:

D^a Begoña Tajés Méndez, Concelleira.

D^a Eva Jardón López, Secretaria da Corporación ou persoa que legalmente a substitúa.

D^a María E. García Maneiro, Interventora da Corporación ou persoa que legalmente a substitúa.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Vogais suplentes do vogal Concelleiro

1º suplente: D. Sergio Caamaño Fernández, Concelleiro.

2º suplente: D. Fabián Canosa Pasantes, Concelleiro.

Secretario:

D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativo adscrito á Secretaría.

Suplentes do secretario:

- Suplente do secretario: Dª Mª Dolores Rey Bértola, funcionaria administrativa adscrita á Secretaría.

DÉCIMO OITAVA.- INTERPRETACIÓN.

O Concello terá a facultade de interpretar as condicións establecidas no prego resolvendo as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

DISPOSICIÓN FINAL.

Para todo o non disposto nos presentes prego se estará ao disposto tanto con carácter directo ou subsidiario ás seguintes normas:

Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

Real Decreto Lexislativo 781/196, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local.

Lei 33/2003, de 3 de novembro de patrimonio das administracións públicas.

RD 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral da lei 33/2003, do 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas.

Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais.

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos de las administracións públicas.

Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público.

CAMARIÑAS, ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA NA MARXE POLA CONCELLEIRA DELEGADA.